

ESPECIAL O PENSIONAZO



Se prospera a proposta de reforma das pensións feita polo Goberno do Sr Zapatero, xubilaremonos aos 67 anos. O que quizais non coñezades é que as súas señorías, deputados e senadores, que discutirán a proposta, poden xubilarse aos 60 anos de idade se cotizaron á Seguridade Social durante polo menos corenta. Así recólleo o 'Regulamento de pensións parlamentarias e outras prestacións económicas a favor dos ex parlamentarios' aprobado en xullo de 2006 polas Mesas do Congreso dos Deputados e do Senado, que establece que a regulación destas "ten como obxecto situar os parlamentarios españois nun nivel

equiparable á media dos países do noso ámbito". (para o resto dos mortais non e necesario)

Non é a única vantaxe dos que en breve comezarán a discutir sobre o cando e o como abandonamos o mercado de traballo. Un exemplo máis: mentres a contía da xubilación de calquera traballador se determina segundo a súa cotización á Seguridade Social durante os quince últimos anos de vida laboral (dos 50 aos 65), sen que se teña en conta períodos anteriores, deputados e senadores teñen garantida a pensión máxima (2.466,20 euros fronte á mínima de 557,50 euros de quen se xubila aos 65 e non ten cónxuxe ao seu cargo) con once anos de actividade parlamentaria. ➔

→ É o que se denomina 'pensión parlamentaria', que consiste en que se a xubilación que lle correspondería ao deputado ou senador como consecuencia da súa actividade profesional, previa ou posterior á súa carreira política, non lle dá para chegar á pensión máxima, a diferenza ata chegar a ela lla pagan as Cortes Xerais con cargo ao seu presuposto.

Ademais da pensión pública, as Cortes Xerais custean tamén un plan privado ás súas señorías mentres manteñan o seu escano, por importe do 10% dos seus emolumentos. Todos os deputados teñen unha asignación de 3.126,52 euros brutos mensuais por 14 pagas. A esta cifra engádese unha 'indemnización' por gastos indispensables para o cumprimento da súa función que se eleva a 870,56 euros para os deputados e senadores electos por Madrid, que obviamente non teñen que desprazarse á capital, e de 1.823,86 euros para os do resto de circunscricións. Estes importes, que as súas señorías poden gastar ou non, están exentos de tributación. A estes salarios mínimos engádense outros complementos en función do cargo.

Se, ademais, o deputado ou senador cesados carece de ingresos ou de patrimonio teñen dereito a percibir unha axuda equivalente ao 60% da súa asignación constitucional (os 3.126,52 euros mensuais antes citados) ata que complete o período de cotización necesario para ter dereito á pensión de xubilación. No caso de que o cesamento nas súas funcións das súas señorías se produza cando teñen 55 anos cumpridos, ou os cumpren no ano en que se produce a disolución da Cámara, e carecen dunha actividade laboral permanente as Cortes corren co pagamento das súas cotizacións á Seguridade Social ata que completen o período de cotización necesario para ter dereito á xubilación. ◀



SERVICIOS CENTRAIS
www.heraldtoupeiras.es
Edificio Administrativo San Caetano - locais sindicais - Santiago de Compostela - 981545989
Edificio Administrativo SERGAS - locais sindicais - Santiago de Compostela - 881542703